



S A U D E

Miguel F. Caaveiro 10,
Santiago de Compostela
981 552826

executiva@cig-saude.org
compostela@cig-saude.org
www.cig-saude.org

Proposta de CIG-SAÚDE

Xornada de PACs: Definición de criterios.

Texto consolidado Acordo PACs tras o acordo de Mesa Sectorial.

No ano 2005 e con posterioridade no ano 2008, asináronse acordos na Mesa Sectorial que regulaban as condicións de traballo e retribucións do persoal que presta servizo no ámbito de Atención Primaria nos PACs. A pesares dos reiterados intentos que a CIG-SAÚDE ven facendo na M.S para que a Admón aplique correctamente os devanditos acordos, o que acontece é que a Admón confeccionou un aplicativo informático que desvirtúa os acordos asinados con graves consecuencias para as/os traballadoras/es.

A CIG-SAÚDE, unha vez máis, presenta perante a o Sergas os criterios de xornada que debe conter o aplicativo informático, para que as/os traballadoras/es perciban correctamente o computo da súa xornada e as retribucións correspondentes segundo os acordos asinados.

DEFINICIÓN DE XORNADA.

1.- Xornada ordinaria.

A xornada ordinaria nos PACs con prestación de noites será de 1430 hs efectivas. Esta xornada considérase efectiva porque para a súa fixación xa se exclúen as vacacións, os 9 días de libre disposición, os 14 festivos e os descansos regulamentarios do ano anual.

Por indispoñibilidade de profesionais as Xerencias poderán dispoñer da extensión da xornada ordinaria até as 1570 hs. A devandita extensión farase nos termos establecidos no procedemento de voluntariedade 2008.

Se o persoal quer disfrutar dos 9 LDs a xornada ordinaria a recoller nas carteleiras será de 1493 hs anuais , distribuída en 11 meses.

2.- Xornada Complementaria.

E a que se establece no acordo de PACs sobre a xornada ordinaria, para a súa fixación atenderase á vontade das/os profesionais manifestada nun procedemento regulado consonte ao acordado na Comisión de Seguimento dos Acordos (Procedemento Voluntariedade 2008).

3.- Consideracións da nosa Asesoría Xurídica sobre o concepto de xornada complementaria.

O artigo 6 do acordo da Mesa Sectorial de 14 de marzo establece “a xornada complementaria retribuirá a realización de xornada adicional e complementaria por riba da xornada acordada como ordinaria e habitual”, estamos xa que logo ante un concepto asimilable ao de horas extraordinarias do artigo 35 do Estatuto dos Traballadoras/es.

4.- Tendo en conta as definicións anteriores podemos concluír os seguintes criterios:

Computo de xornada anual.

O computo de xornada anual será o resultante da suma realizada durante os 11 meses do ano.

A incidencia da I.T será neutra (sendo o resultado do programa coma se contabilizásemos as horas ordinarias de carteleria como realizadas durante o período de IT) no cómputo de xornada ordinaria 1430hs, ou 1570 se a súa prestación é con carácter obrigatoria.

As carteleiras anuais conterán as quendas correspondentes á xornada ordinaria de todas/os. De forma diferenciada as carteleiras recollerán as quendas correspondentes á xornada complementaria, realizada con carácter voluntario ou forzoso. Estes calendarios publicaranse anualmente, coa xornada correspondente a cada mes.

Determinación da xornada efectiva para o persoal con vínculos inferiores ao ano.

O cálculo de xornada efectiva para este persoal determinarase de acordo cós criterios establecidos no Acordo de concertación social. Resolución conxunta do 1 de marzo de 2001.

Permisos e licencias.

O dereito ao disfrute dun permiso ou licenza computarase por módulos de 7 horas de xornada realizada. Non se pode confundir o modulo de permiso de 7 horas coa xornada que corresponde de media por día de traballo.

A fracción que resulta dos programas informáticos de computo de xornada (4,3) corresponde a dividir as horas de xornada anual 1430 entre os días de traballo anual, unha vez descontados os 30 días de vacacións e os 9 días de libre disposición:

$$365 - 30 - 9 = 326.$$

$$1430 / 326 = 4,3.$$

4,3 é a media de xornada diaria a realizar, non a xornada que se debe computar como xornada efectiva cando unha/un profesional solicita un permiso ou licenza regulada na normativa: SERGAS, Estatuto Marco, Estatuto do Emprego Público ou demais normativa relativa a conciliación familiar.

A incorporación da fracción do 4,3 nos programas informáticos está a producir efectos perversos nos cálculos de xornada do persoal de PACs. A Admón interesadamente confunde o dereito ao disfrute de 7 hs por día de permiso, coa media da xornada diaria a realizar.

Unha vez definido o concepto de xornada: ordinaria e complementaria, a neutralidade consiste en que os permisos e licencias computaranse como 7 horas de xornada realizada por cada día de permiso ao que a/o

traballadora/or teña dereito. A Admón sanitaria ten que proceder a modificar o programa informático para que garanta un correcto computo dos calendarios e corrixa os efectos perversos do programa actual, tendo en conta que cando o permiso supoña un mes completo ou 15 días o cómputo de xornada realizarase en base a xornada ordinaria (1 mes 130 hs ou 15 días 65 hs).

Unha vez definida a xornada cumpre darlle traslado para a elaboración dos calendarios. Estes faranse con criterios homoxéneos en todas as xerencias.

CALENDARIOS:

Estes terán carácter anual, elaborándose no último trimestre do ano, serán elaborados polas respectivas xerencias atendendo aos criterios de rotación e equidade, unha vez oídos as/os traballadoras/es dos PACs. Neles recollerase a xornada ordinaria do persoal de PACs, xornada complementaria e o tramo de voluntariedade do persoal que presta servizo en ordinaria.

Os devanditos calendarios confeccionaranse:

1.- Garantido a totalidade da xornada ordinaria de PACS, 1493 hs x traballadora/or en 11 meses ou de 1623 en 12 meses, incluíndo o dereito ás vacacións.

2.- A continuación e seguindo o sistema de rotación incorporaranse aos calendarios as/os traballadoras/es que prestan servizo tanto en atención ordinaria como en PAC, e que manifestaron, mediante o procedemento regrado, a súa vontade para prestar servizo voluntario en PACs no tramo correspondente (garantindo o tramo mínimo).

3.- Unha vez aplicado o anterior, colocada no calendario a xornada ordinaria de PAC e a xornada voluntaria de PAC e persoal de atención ordinaria, e de existir nº de horas a cubrir, segundo se recolla no plano funcional, procederase pola seguinte orde:

1º: Creación de prazas de PAC se o número de horas é suficiente (1493 horas en 11 meses ou 1623 horas en 12 meses)

2º: Ofertaranse ao persoal dos listados de contratacións

3º: Ofertaranse por igual ao persoal de PACs e de atención ordinaria, que manifestaran a opción de voluntariedade, ata completar o seu tramo máximo de voluntariedade elixido.

4.- Para cubrir as xornadas que xurdan por incidencias puntuais, que estean fora das horas recollidas no plano funcional, regularase un procedemento para que, no caso de non existir voluntariedade, estas xornadas sexan ofertadas a todo o persoal do ámbito territorial do PAC que deberá realizala con carácter forzoso. Seguindo a rotación que se estableza.

PROGRAMA INFORMÁTICO

A Admón confeccionará un programa informático que contemple a totalidade dos puntos recollidos no documento de consenso.

Para que poda aplicarse o acordado é preciso que o programa informático separe a xornada ordinaria da xornada voluntaria, e que a liquidación mensual so se realice sobre a voluntaria, en ningún caso sobre a ordinaria, independentemente do número de horas que se fagan nun mes concreto de xornada ordinaria.

Mentres se elabora o programa informático correcto que responda aos acordos acadados e que separe a xornada ordinaria da voluntaria, solicitamos que se efectúen liquidacións mensuais por riba das 150 horas, entendendo que esta solución é so parcial e que o programa correcto debe realizarse no menor prazo de tempo posible.

Compostela, 1 de xullo de 2010.

M^a Xosé Abuín Álvarez.
Secretaria Nacional CIG-Saúde.